



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, O DÍA 11 DE MARZO
DO ANO 2013.**

Membros que asisten:

Alcaldesa-presidenta: Paula M^a Fernández Pena (grupo m. PSdeG-PSOE).

Manuel Cuiña Fernández (grupo m. PSdeG-PSOE)
M^a Dolores García Troitiño (grupo m. PSdeG-PSOE)
Klaus Brey Montaña (grupo m. PSdeG-PSOE)
Margarita Campos Espiño (grupo m. PSdeG-PSOE)
Antonio Couso Álvarez (grupo m. PSdeG-PSOE)
Matías Rodríguez da Torre (grupo m. Mixto)
María Jesús Penela Mato (grupo m. PP)
José Antonio Ramos Dobarro (grupo m. PP)
José Luis Espiño Espantoso (grupo m. PP)
Marta López Arines (grupo m. PP)
Luis Juan Arceo López (grupo m. PP)
Manuel Asorey Suárez (grupo m. PP)

Asiste a interventora do concello: Isabel Pernas Sánchez.

Asiste a secretaria xeral do concello : Cristina Alonso Losada.


No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Silleda, sendo as **dezaseis horas do LUNS 11 de marzo de 2013** (previamente efectuada a convocatoria pola Alcaldesa o día 07-03-2013) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia da Alcaldesa os membros do Pleno enumerados, a interventora, e coa asistencia da secretaria xeral que suscribe e da fe.

Ábrese a sesión pola presidencia , que se desenvolve da seguinte maneira :

A Alcaldesa dí que estes dous asuntos non teñen dictamen da Comisión Informativa e somete a votación súa inclusión na orde do día por urxencia, sin dictamen.

A Alcaldesa somete a votación a urxencia da inclusión na orde do día destes dous asuntos sen dictamen da correspondente comisión informativa, dirixida pola Alcaldesa deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra : ningún.



- Abstencións : ningunha.
- Votos a favor : trece (13) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo Mixto e seis dos concelleiros do grupo m. PP).

Resulta **aprobado**, por unanimidade dos presentes , o **carácter urxente dos dous asuntos sen dictaminar pola Comisión Informativa correspondente e incluídos na convocatoria da sesión, ratificándose así a súa inclusión na orde do día** , segundo o artigo 82 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, **pasándose a continuación a tratar os seguintes asuntos da orde do día do Pleno formado pola Alcaldesa:**

1º.- ACORDO DE CONFORMIDADE CO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E O CONCELLO DE SILLEDA

Visto o expediente que consta na sesión.

Vista a proposta da Alcaldesa de data 07 de marzo de 2013, que literalmente dí:

“Visto que con data 6 de Marzo o Ministerio de Fomento remiteu ao Concello de Silleda o seguinte borrador de convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO Á AP-53 DENDE A N-525 P.K. 312 +300 M.I. BANDEIRA. TERMO MUNICIPAL DE SILLEDA. PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Na cidade de Silleda, a de de dous mil trece.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Jorge Urrecho Corrales actuando en representación da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento (en diante "DGC") como Director Xeral de Estradas, pertencente ao Ministerio de Fomento, nomeado por Real Decreto 231/2012, do 23 de xaneiro de 2012, en virtude da delegación de competencias prevista no apartado sétimo, 2 da Orde FOM/1644/2012, do 23 de xullo, sobre delegación de competencias no Ministerio de Fomento.

Doutra parte, Dna. Paula Fernández Pena, Alcaldesa Presidenta do Concello de Silleda, en nome e representación do goberno do devandito municipio, en virtude





das atribucións que lle confire o artigo 124.4 apartados a) e ñ) da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

Ambas partes, recoñecéndose a capacidade legal necesaria para outorgar o presente documento,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

As obras da autoestrada AP-53, no seu tramo Santiago-Silleda, foron postas en servizo en decembro de 2002. Nelas foi proxectado e executado:

- O enlace de Bandeira, xunto coa área de peaxe e unha glorieta (ver plano adxunto). Nesta glorieta conecta actualmente a estrada autonómica PO-505, acondicionada recentemente pola Xunta.
- O vial de acceso a Lamela nunha distancia de 700 m dende a glorieta. Este vial está adscrito á concesión da AP-53, polo que a súa titularidade é Estatal e a conservación corresponde á concesionaria da autoestrada.

Nembargantes, dende este punto ata a intersección coa estrada N-525 (aproximadamente nunha lonxitude de 450 m) o vial é de titularidade municipal, xa que non foi incluído no proxecto da autoestrada.

Actualmente o vial municipal ten unha anchura estricta e encóntrase en malas condicións.

No proxecto de presupostos xerais do Estado 2013 aparece unha partida denominada "Conexión da AP-53 coa N-525 en Lamela" que correspondería coa actuación solicitada pola Alcaldesa de Silleda, cun importe de 10.000 €.


SEGUNDO

A Dirección Xeral de Estradas considera que o vial municipal ten a funcionalidade necesaria para integrarse na Rede de Estradas do Estado, feito o cal poderá actuar sobre el para ensanchalo e rehabilitar o seu firme.

TERCEIRO

O artigo 4.2 da Lei estatal 25/1988, do 29 de xullo, de Carreteras, dispón que a Rede de Estradas do Estado poderá modificarse mediante Real Decreto a proposta do Ministro de Obras Públicas e Urbanismo, actual de Fomento, por cambio de titularidade de estradas existentes en virtude de acordo mutuo das Administracións Públicas interesadas.

O procedemento para tramitar o devandito cambio de titularidade regúlase polo artigo 12 do Regulamento Xeral de Estradas aprobado por Real Decreto



1812/1994, do 2 de setembro, que esixe a incoación e tramitación do correspondente expediente. Instruído o expediente, co acordo das Administracións interesadas, elevarase polo Ministro de Fomento ao Goberno para a súa aprobación por Real Decreto e conseguinte modificación da Rede de Estradas do Estado.

En virtude do exposto, ambas partes acordan a firma do presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA

O Ministerio de Fomento e o Concello de Silleda, prestan a súa conformidade para a incorporación á Rede de Estradas do Estado, previa cesión por parte do Concello de Silleda ao Ministerio de Fomento do vial de acceso a Lamela dende a concesión da AP53 ata a intersección coa estrada N-525 (aproximadamente nunha lonxitude de 450 m), actualmente de titularidade municipal.

SEGUNDA

O citado cambio de titularidade non conleva transferencia de capital algún.

TERCEIRA

O presente acordo elevarase ao Goberno para a súa aprobación por Real Decreto e conseguinte modificación da Rede de Estradas do Estado.

CUARTA

O cambio de titularidade será efectivo a partir da formalización da acta de entrega correspondente ao tramo obxecto do presente convenio.


QUINTA.

Unha vez adquirida a titularidade en favor do Ministerio de Fomento, a Dirección Xeral de Estradas farase cargo da conservación e explotación do devandito vial e, no seu caso, das ampliacións que resulten necesarias.

SEXTA.

O presente Acordo ten natureza xurídico-administrativa, correspondendo á Orde Xurisdiccional Contenciosa Administrativa o coñecemento das cuestións litixiosas que puidesen xurdir na súa interpretación e cumprimento, todo elo de conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 30/92 do 26 de novembro.

Non obstante, con anterioridade a dirimir o conflito no ámbito xurisdiccional, as partes comprométese a realizar o requirimento regulado no artigo 44 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.





E en proba de conformidade, subscriben o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data anteriormente indicados.

O DIRECTOR XERAL DE ESTRADAS

Jorge Urrecho Corrales

ALCALDESA PRESIDENTA
DO CONCELLO DE SILLEDA
Paula Fernández Pena.

PROPONSE O SEGUINTE ACORDO

- 1.- Mostrar conformidade co texto íntegro do convenio.
- 2.- Facultar a Alcaldesa Presidenta para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios na tramitación do convenio.


Silleda a 07 de marzo de 2013 . A alcaldesa. Asdo. Paula Fernández Pena“.

Visto o correo electrónico impreso de 06 de marzo de 2013 de Angel González del Río para a Alcaldesa entregado pola Alcaldesa á secretaria xeral o 08 de marzo de 2013, para incorporar ó expediente xunto co convenio co Ministerio de Fomento, para o Pleno convocado o 07-03-2013 para a súa celebración o 11-03-2013, segundo dilixencia asinada pola secretaria xeral.

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) di que súa postura é clara, a de sempre, falouse de facer a estrada por outro lado, pero a fagan por un lado o por outro vai afectar ós veciños da zona , e os veciños queren saber como vai a ser antes de nada. O PP vai a ir a favor dos veciños. Propón que quede en suspenso este acordo ata que se faga unha comisión cos veciños, goberno, Fomento e que sexa necesario, vale a pena esperar pero que todo resulte ben.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. Mixto) dí que a situación é unha vergonza, hai anos fíxose un enlace sin pes nin cabeza, acabou collendo unha pista de concentración parcelaria , con un ancho deplorable; el falou co PP e PSOE e falou cos veciños de Lamela, están preocupados; hai veciños con peches solicitados, hai veciños afectados, 14 ou 15 veciños. Pero este é un tema de interés xeral, non é de interés particular. El considera que o convenio é unha declaración de intencións, no que dí o Ministerio de Fomento que dispón nos Orzamentos de 10.000 euros, e o concello comprométese a cesión desta estrada e así pasa a ser de titularidade do Estado e dí que o



convenio fala do vial pero non dí como nin cando vaise a actuar sobre el , e que cando sexa de titularidade do Ministerio de Fomento éste farase cargo dos arranxos e ancheamento. Dí que o convenio é unha declaración de intencións. Os veciños é normal que queiran saber en que situación queda este vial que pasará a ser de titularidade estatal. Hai veciños afectados da zona hoxe no Pleno. Propón que se fale co Ministerio e se faga un análise concreto da situación. El dí que hai un trazado alternativo que poderíase recuperar e que o enlace incluso podería pechase. O Ministerio non prestou atención a esta estrada, o tivo que facer o concello. Hai solicitudes de peches presentadas por veciños e que non saben a resposta.

Ó mellor ata que se faga o arranxo do Ministerio de 10.000 euros ó mellor debería seguir cortada a estrada. Unha estrada estatal establece unhas distancias, por exemplo para facer peches. Non está claro que ancho vai a ter, que distancia vaise establecer. Debe saberse esto antes, e logo negociar co Ministerio e asinar logo o convenio.


O Concelleiro Manuel Cuiña (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE) dí que está perplexo e que será interesante ver o resultado desta votación. Pobres veciños, os gobernantes cambian de opinión según falen cos veciños. Dí que o PP fai unha semana en Pleno dixo que esta vía é o estado natural da saída. O PP en prensa dixo que fixo xestións con Fomento para que esto se arranxase e el dí que Fomento non arranxa nada que non sexa seu. Dí que o concello pediu a Fomento que arranxara esta vía á vez que estaba arranxando outra zona próxima. Dí que hoxe ninguén sabe nada.

Dí que a ver que se vota hoxe no Pleno, se solo vota a favor o goberno o convenio non se aproba. Este convenio que traese ó Pleno redactouno o Ministerio de Fomento, non o concello. Os veciños saben pola prensa que o concello está loitando por esto e non dín anda ata hoxe. Todos podemos estar ó lado dos veciños loitando polo mesmo, pero hoxe este convenio non ten volta. Di que o PP fai tempo que sabía esto.

Di que goberno local trasladou este convenio o seu socio do BNG e este agora dí que como falou cos veciños agora dí que debe deixarse sobre a Mesa este convenio.

Dí que o mellor é asinar hoxe este convenio e negociar o que sexa necesario. Fomento pode arranxar o que sexa necesario. Pode negociarse o que sexa necesario para o mellor para os veciños, pero non pode cambiarse de idea polo feito de que veñan veciños a falar ó concello. Non pode gobernarse así, pero gobernouse así este concello anteriormente, e agora hai problemas coa autoestrada, por exemplo. Si logo créase unha comisión para este asunto loitarase nela para lograr o que sexa mellor para os veciños.

A Alcaldesa dí que esta mañán falou con veciños de Lamela, había un convenio do anterior goberno local para a cesión, pero non se lles dixo ós veciños que pasaba a Fomento e que isto podería condicionar os dereitos das





obras dos veciños. Non se lles comunicara ós veciños que esa cesión de terreos era obligatoria para pasar a vía ó ser do Ministerio e éste arranxalo.

Dí que hoxe en Pleno só vaise dar conformidade ó convenio con Fomento. Dí que o convenio inclúe facer obras de arranxo por 10.000 euros. Para isto o Ministerio téñ que facerse coa vía, hoxe acórdase a conformidade co convenio pero logo a Abogacía do Estado téñ que informar e seguirán os trámites para facer a cesión, unha mutación. Logo hai opcións para negociar co Ministerio. As afeccións pola estrada dependen do tipo de vía que sexa, non en tódalas vías é igual. En ningún caso o Ministerio de Fomento pediu ó concello que o concello negociase cos veciños. O problema dos veciños é o nivel de afección das súas propiedades, pero isto pódese negociar só cando o terreo, a vía, sexa do Ministerio, hai que facelo agora con este convenio, máis adiante pode que non sexa posible. As solicitudes de peche dos veciños non foron contestadas por decisión da Alcaldesa porque podería ser que se tirasen con motivo do problema desta vía. A decisión de que esta vía pase ó Ministerio é unha cuestión de interese xeral; esta vía municipal une unha estrada estatal e a autoestrada.

Dí que ela vai a ler o texto da acta do Pleno anterior, onde interviu o PP decindo que os veciños estaban dispostos a isto, incluso a tirar peches (a Alcaldesa lee en voz alta un texto).

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que o PP mantén súa opinión de sempre, que esta vía e este problema o arranxe o Ministerio de Fomento, pero sempre que o goberno negocie cos veciños. Os veciños cedían algo das súa propiedades, sabían ó que se expoñían, e agora non o saben. Dí que si esperáronse dez anos agora pódese esperar algo máis e facer as cousas ben.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. Mixto) dí que débese discutir si este convenio é o mellor para Silleda e os veciños. O convenio o enviou o Ministerio de Fomento, é unha declaración de intencións con certa validez, pero débese explicar en que condicións queda esta estrada, que pasa a ser do Ministerio, os veciños non sabían estas cousas concretas, é necesario saber a solución final, o ancho, distancias a terreos dos veciños, deixar clara a posición dos veciños, debe sabelo o Ministerio e o Concello. Os veciños teñen dereitos a ser informados, isto lles afecta de forma particular. Houbo un Pleno extraordinario solicitado polo PP, e nese Pleno acordouse cortar a estrada como medida de presión e debe deixarse cortada ata que se dé unha solución.

Convócase este Pleno extraordinario para aprobar un convenio, pero dende que se convocou faláron os veciños, débense escoitar e logo opinarse, non se trata de dicir que asínase o convenio e logo negociárase. Os veciños queren saber antes en que se van a ver afectados e agraviados. Tódolos grupos municipais e o Ministerio están dacordo en asinar o convenio, pero debe estar antes ben consultado. Hoxe hai unha nova posición a partir da reivindicación dos veciños.



Podían haberse movilizado antes os veciños, pero ó mellor e que non houbo suficiente publicidade deste asunto do convenio. Debe aclarase ben o que se vai facer, a negociar, a posición do Concello e do Ministerio. Dí que facendo unha chamada mañán solucionase este problema e asínase o convenio casi de forma inmediata. A autoestrada é para todos, pero algúns veciños a sufren directamente. Dí que debe quedar este asunto pendente de facer unha reunión e aclarar os aspectos concretos. Hai intranquilidade polos veciños, deben ser escoitados e terse en conta. Debe decidirse conforme ó interés xeral. Él defende o trazado ou o enlace alternativo.


O Concelleiro Manuel Cuiña Fernández (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE) dí ó concelleiro José Luis Espiño (portavoz do grupo m. PP) que o PP convocou o Pleno extraordinario anterior e dixeron que estaba todo arranxado, que xa falaran ca Ministra de Fomento, con conselleiro, e en cambio ó goberno local dille o Ministerio de Fomento que non fará nada si os terreos non se ceden. Dille ó PP que non digan que fixeron xestións. Dí que era necesario facer a cesión. Dí que os 10.000 euros do orzamento do Estado de 2013 chegan para facer un arranxo con capa de aglomerado nesta vía. Cando o PP convocou o Pleno extraordinario anterior , os veciños non viñeron a falar ó concello e suponse que xa sabían do asunto polo PP. Pregunta a ó concelleiro José Luis Espiño (portavoz do grupo m. PP) si sabía que había que ceder a propiedade da pista antes de que o Ministerio de Fomento faga arranxos. Dille ó concelleiro Matías Rodríguez (portavoz do grupo m. Mixto) que dí que falou cos veciños e preguntalle cal é a información que dan ós veciños, hai que darlles información correcta, en caso contrario engánanse ós veciños. Dille a este concelleiro que pensa unha cousa pola mañá e outra pola tarde.

A Alcaldesa dí que esta vía non vai a ser arranxada polo Ministerio de Fomento si non se cede. A consellería (Xunta de Galicia) en escrito de outubro de 2012 dí que a competencia é do Estado, do Ministerio de Fomento. Os veciños desa saída foron enganados con falarlles dun convenio que non se podía cumprir e non se lles dixo que íbase a expropiar. Nos Orzamentos do Estado anterior incluíanse costes para expropiar e arranxar en cuantía de 800.000 euros.

A Alcaldesa explica que o Ministerio de Fomento dou dúas opcións ó concello , asinar un acordo explicitando as obras ou asinar un convenio de mutación da vía. O mellor era un convenio de mutación co Ministerio de Fomento, o máis rápido e é o que vaise facer con este convenio. O que se fai neste pleno é dar conformidade ó convenio, logo infórmase polo abogado do Estado, logo aprobase por Real Decreto do Estado e logo asínase a acta de entrega, pasará un tempo e a Alcaldesa dí que poderase negociar, tamén o que dín os veciños.

Dí que fai tempo que sabía que estíbese tratando polo Ministerio de Fomento este convenio para solucionar este asunto.

Dí que hoxe hai que ser consecuentes cos veciños, que levan anos perxudicados e afectados, pero os veciños deben saber que hai que facer a cesión da propiedade da estrada e terreo ó Ministerio de Fomento, esa cesión non pode





evitarse. Fala de ter unha reunión con Angel del Río, incluso unha representación conxunta, tamén con tódolos grupos. Ela dí que leva pelexando por esto dende o ano 2007.

A Alcaldesa abre o terceiro turno por alusións.

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que non se falou cos veciños por parte do goberno local, dí que se espere hoxe en Pleno para solucionar este asunto, que se faga ben aínda que tarde algo máis.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. Mixto) dí que él escoita ós veciños e saca conclusións. Parécelle ben a reunión, que tamén os veciños acudan, con Angel del Río, pero debe saber o ancho do vial e as afeccións que se establezan, debe saberse antes , e logo asinarse o convenio e explicitarse nel.

A Alcaldesa volve a explicar as dúas opcións que dou o Ministerio de Fomento.

O Concelleiro Manuel Cuiña Fernández (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE) dí que si se vota en contra polos outros grupos ou se absteñen, variará o resultado do que pasará con esta estrada. Dille ó concelleiro Matías Rodríguez (portavoz do grupo m. Mixto) que o mércores, cando chegou o convenio, dixo que lle parecía ben pero hoxe dí que quede sobre a Mesa porque falaron con él os veciños.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. Mixto) dí que os veciños xa tiñan presentadas aquí cuestións e deben solucionarse e aclararse.


A Alcaldesa dille ó concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. Mixto) que xa o chamou á orden tres veces nesta sesión..

A Alcaldesa dí que somete a votación o convenio. A Alcaldesa manifesta o seu compromiso para ter unha reunión con Angel del Río, con quen sexa necesario, para solucionar este asunto. Dí que o convenio recolle que no proxecto dos Orzamentos do Estado para 2013 aparecen 10.000 euros para a actuación solicitada pola Alcaldesa, e aclara que ela non pediu 10.000 euros senón que pideu que se arranxara a vía, este asunto.

Dí que en xaneiro estiveron reunidos con veciños de Lamela para explicar o PXOM e non salíu o asunto do convenio, todos creían que non pasaría a propiedade do Ministerio de Fomento.

A Alcaldesa di que somete a votación este asunto, o convenio e explica o contido do acordo.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida pola Alcaldesa, dirixida pola Alcaldesa deste xeito e con este resultado :



- Votos en contra: sete (7) (seis votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo m. Mixto)
- Abstencións: ningunha.
- Votos a favor: seis (6) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE).

Resulta non aprobado, por maioría absoluta do número legal da Corporación

O Pleno da Corporación Municipal, por maioría absoluta do número legal (votos en contra sete : seis votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo m. Mixto; abstencións: ningunha; votos a favor seis : seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE), **acorda : non aprobar o convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Silleda segundo a proposta da Alcaldesa de 07 de marzo de 2013 que se transcribe :**

“Visto que con data 6 de Marzo o Ministerio de Fomento remiteu ao Concello de Silleda o seguinte borrador de convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO Á AP-53 DENDE A N-525 P.K. 312 +300 M.I. BANDEIRA. TERMO MUNICIPAL DE SILLEDA. PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Na cidade de Silleda, a de de dous mil trece.


REUNIDOS

Dunha parte, D. Jorge Uirrecho Corrales actuando en representación da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento (en diante "DGC") como Director Xeral de Estradas, pertencente ao Ministerio de Fomento, nomeado por Real Decreto 231/2012, do 23 de xaneiro de 2012, en virtude da delegación de competencias prevista no apartado sétimo, 2 da Orde FOM/1644/2012, do 23 de xullo, sobre delegación de competencias no Ministerio de Fomento.

Doutra parte, Dna. Paula Fernández Pena, Alcaldesa Presidenta do Concello de Silleda, en nome e representación do goberno do devandito municipio, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 124.4 apartados a) e ñ) da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

Ambas partes, recoñecendo a capacidade legal necesaria para outorgar presente documento,

EXPOÑEN





PRIMEIRO

As obras da autoestrada AP-53, no seu tramo Santiago-Silleda, foron postas en servizo en decembro de 2002. Nelas foi proxectado e executado:

- O enlace de Bandeira, xunto coa área de peaxe e unha glorieta (ver plano adxunto). Nesta glorieta conecta actualmente a estrada autonómica PO-505, acondicionada recentemente pola Xunta.
- O vial de acceso a Lamela nunha distancia de 700 m dende a glorieta. Este vial está adscrito á concesión da AP-53, polo que a súa titularidade é Estatal e a conservación corresponde á concesionaria da autoestrada.

Nembargantes, dende este punto ata a intersección coa estrada N-525 (aproximadamente nunha lonxitude de 450 m) o vial é de titularidade municipal, xa que non foi incluído no proxecto da autoestrada.

Actualmente o vial municipal ten unha anchura estricta e encóntrase en malas condicións.

No proxecto de presupostos xerais do Estado 2013 aparece unha partida denominada "Conexión da AP-53 coa N-525 en Lamela" que correspondería coa actuación solicitada pola Alcaldesa de Silleda, cun importe de 10.000 €.


SEGUNDO

A Dirección Xeral de Estradas considera que o vial municipal ten a funcionalidade necesaria para integrarse na Rede de Estradas do Estado, feito o cal poderá actuar sobre el para ensanchalo e rehabilitar o seu firme.

TERCEIRO

O artigo 4.2 da Lei estatal 25/1988, do 29 de xullo, de Carreteras, dispón que a Rede de Estradas do Estado poderá modificarse mediante Real Decreto a proposta do Ministro de Obras Públicas e Urbanismo, actual de Fomento, por cambio de titularidade de estradas existentes en virtude de acordo mutuo das Administracións Públicas interesadas.

O procedemento para tramitar o devandito cambio de titularidade regúlase polo artigo 12 do Regulamento Xeral de Estradas aprobado por Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro, que esixe a incoación e tramitación do correspondente expediente. Instruído o expediente, co acordo das Administracións interesadas, elevarase polo Ministro de Fomento ao Goberno para a súa aprobación por Real Decreto e conseguinte modificación da Rede de Estradas do Estado.



En virtude do exposto, ambas partes acordan a firma do presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA

O Ministerio de Fomento e o Concello de Silleda, prestan a súa conformidade para a incorporación á Rede de Estradas do Estado, previa cesión por parte do Concello de Silleda ao Ministerio de Fomento do vial de acceso a Lamela dende a concesión da AP53 ata a intersección coa estrada N-525 (aproximadamente nunha lonxitude de 450 m), actualmente de titularidade municipal.

SEGUNDA

O citado cambio de titularidade non conleva transferencia de capital algún.

TERCEIRA

O presente acordo elevarase ao Goberno para a súa aprobación por Real Decreto e conseguinte modificación da Rede de Estradas do Estado.

CUARTA

O cambio de titularidade será efectivo a partir da formalización da acta de entrega correspondente ao tramo obxecto do presente convenio.

QUINTA.

Unha vez adquirida a titularidade en favor do Ministerio de Fomento, a Dirección Xeral de Estradas farase cargo da conservación e explotación do devandito vial e, no seu caso, das ampliacións que resulten necesarias.

SEXTA.

O presente Acordo ten natureza xurídico-administrativa, correspondendo á Orde Xurisdiccional Contenciosa Administrativa o coñecemento das cuestións litixiosas que puidesen xurdir na súa interpretación e cumprimento, todo elo de conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 30/92 do 26 de novembro.


Non obstante, con anterioridade a dirimir o conflito no ámbito xurisdiccional, as partes comprométense a realizar o requirimento regulado no artigo 44 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade, subscriben o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data anteriormente indicados.

O DIRECTOR XERAL DE ESTRADAS

Jorge Urrecho Corrales

ALCALDESA PRESIDENTA
DO CONCELLO DE SILLEDA
Paula Fernández Pena.





PROPONSE O SEGUINTE ACORDO

- 1.- Mostrar conformidade co texto íntegro do convenio.
- 2.- Facultar a Alcaldesa Presidenta para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios na tramitación do convenio.

Silleda a 07 de marzo de 2013 . A alcaldesa. Asdo. Paula Fernández Pena“.

2º.- ACORDO PARA DEIXAR EN SUSPENSO DURANTE A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE O ACORDO ADOPTADO NA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O DIA 04 DE MARZO DE 2013

A Alcaldesa dí que non procede aprobar este asunto ó non aprobarse o convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Silleda no punto 1º deste Pleno (CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO Á AP-53 DENDE A N-525 P.K. 312 +300 M.I. BANDEIRA. TERMO MUNICIPAL DE SILLEDA. PROVINCIA DE PONTEVEDRA).

A Alcaldesa non somete a votación este asunto, sen que se produzan opinións nin manifestacións en contra por parte dos membros do Pleno presentes.

.A Alcaldesa dí que mañán córtase a estrada.

A Alcaldesa levanta a sesión sendo as dezasete horas e vintecinco minutos do mesmo día.

Estendéndose a presente acta, da que, como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, 11 de marzo de 2013

A Alcaldesa

Paula Mª Fernández Pena

Dou fe. A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada



